



Concello do Grove

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o informe-proposta da tesoureira municipal ao respecto, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións concedidas polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Fixar como datas de comezo e final de cobranza, en período voluntario, dos padróns de tributos de cobro periódico e notificación colectiva correspondentes ao exercicio 2018 (calendario do contribuínte para o ano 2018), así como as datas para o cargo en conta dos recibos domiciliados nas entidades financeiras, as seguintes:

CONCEPTO	PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGO	DATA DE CARGO EN CONTA DOS RECIBOS DOMICILIADOS
TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO, AUGA E SUMIDOIROS	15 de xaneiro ao 15 de marzo 2018 (2º Semestre 2017)	15 de febreiro
	16 de xullo ao 17 de setembro 2017 (1º Semestre 2018)	15 de agosto
IVTM E VADOS	2 de abril ao 4 de xuño 2018	1 de maio
IBI	3 de setembro ao 5 de novembro 2018	1 de outubro
IAE	3 de setembro ao 5 de novembro 2018	1 de outubro

SEGUNDO. Ordear a súa publicación no B.O.P de Pontevedra, así coma no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello do Grove, para a súa difusión e xeral coñecemento, sendo susceptible o mesmo de impugnación na vía contencioso-administrativa por quenes sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.

TERCEIRO. Resérvase a esta Alcaldía-Presidencia a facultade de modificar o presente calendario cando motivos de índole técnica, debidamente xustificadas, impidan a xestión dos recursos económicos indicados nas datas sinaladas, informando de tal circunstancia aos cidadáns coa suficiente antelación.

O Alcalde

Da fe, O Secretario

Documento asinado dixitalmente á marxe.